

Ana Patricia Torres Madureira, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Bases Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN PARA DOTAR NESTE 2024 O 100% DOS FOGARES OURENSÁNS CON CONEXIÓN DE FIBRA ÓPTICA**, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Catro son os servizos que debería ter calquera fogar: electricidade, auga potable, telefonía e fibra óptica.

O 12 de decembro de 1981, tras 102 anos, chegaba a electricidade a Sotres, en Cantabria, completándose a chegada da luz eléctrica ao 100 % do territorio nacional. Un acontecemento que mudou a vida dos habitantes deste pobo, da mesma maneira que anteriormente mudouna ao resto de persoas que foron tendo acceso a este servizo. O mesmo aconteceu coa auga potable e coa telefonía, mais xa no século XXI non ocorre o mesmo cun servizo básico para as comunicacións como a fibra óptica, que xa debería estar instalada no 100% dos fogares ourensáns, aínda que un de cada tres sigue sen ter conectividade por este medio.

Outra data histórica foi o 19 de abril do 2024 co apagado da rede de cobre por parte de Telefónica, xerando que miles de fogares ourensáns quedaran sen servizo por cable, provocando múltiples problemas sobre todo en zonas rurais onde a maior parte da xente é de avanzada idade e intensificando a gravidade da situación.

O Goberno de España comprometeu para 2024 “Internet para todos, rompiendo la brecha digital en zonas rurales”. Aos incumprimentos das promesas feitas hai que sumar os centos de incidencias denunciados por parte da veciñanza que



teoricamente están en zona de cobertura de fibra óptica, pero os instaladores non poden darlles servizo porque moitas caixas de conexión instaláronse en lugares que fan tecnicamente inviable poder ofrecer o servizo ós usuarios.

Ademais existe un grave problema co mantemento e resolución de incidencias. Por outra banda, despois das instalacións non se realizan as limpezaas necesarias da biomasa nos tendidos de fibra óptica provocando que en cada temporal de vento, chuvia ou neve a caída de polas de árbores sobre os cables ocasionando cortes de liña, que moitas veces deixan sen servizo durante días a poboacións enteiras. Ademais, sería necesaria unha redundancia da rede troncal, para evitar a perda de servizo en caso de avaria ou mantemento.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno de España a que se facilite unha cronoloxía das actuacións para levar a cabo para o despregamento da rede e quen a vai a realizar.
2. Instar ao Goberno de España para que informe cando ten previsto chegar a cubrir as zonas escuras na provincia de Ourense.
3. Instar ao Goberno de España a que facilite como se vai a resolver a problemática á hora de xestionar a conexión coas operadoras cando esta xa ten despregada a súa rede pero aos veciños lle indican que é “tecnicamente inviable”.
4. Instar ao Goberno de España a que informe que ámbito territorial está previsto cubrir coa última convocatoria de axudas.



DEPUTACIÓN
DE OURENSE

5. Instar ao Goberno de España para que habilite un sistema de reclamacións para que os cidadáns poidan remitir as súas queixas e reclamacións de maneira clara e directa.

Ourense, 15 de maio de 2024.

44468060K ANA Firmado digitalmente
por 44468060K ANA
PATRICIA PATRICIA TORRES (R:
TORRES (R: V32237471)
V32237471) Fecha: 2024.05.15
09:56:04 +02'00'

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE